

1.º cuatrimestre  
**2024/2025**  
Campus Remoto

# EL DESTREZAS

- \_ Ofimática: Office
- Chat GPT
- \_ Edición de vídeo e son dixital para a web
- \_ Deseño BIM: Revit
- \_ Páxinas web: Wordpress
- \_ Xestión de proxectos: Project
- \_ Tratamento de datos: Excel
- \_ Impresión 3D

Recoñecemento de 1 crédito ECTS por curso  
30 horas (6 sesións de 4 horas presenciais + 6 horas de traballo non presencial)

Información e inscrición  
[campusactivo.uvigo.gal](http://campusactivo.uvigo.gal)



Deseño: Área de Imaxe - Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais



1.º cuatrimestre  
2024/2025  
Campus Remoto

# e-DESTREZAS

- \_ Ofimática: Office
- \_ Chat GPT
- \_ Edición de vídeo e son dixital para a web
- \_ Deseño BIM: Revit
- \_ Páxinas web: Wordpress
- \_ Xestión de proxectos: Project
- \_ Tratamento de datos: Excel
- \_ Impresión 3D

Información e inscrición  
campusactivo.uvigo.gal

Universidade de Vigo

Programa de formación orientado ao desenvolvemento e á mellora de competencias dixitais do alumnado, do PDI e do PTXAS da Universidade de Vigo.

Recoñecemento de 1 crédito ECTS por curso

30 horas (6 sesións de 4 horas presenciais + 6 horas de traballo non presencial)

**Inscrición:** campusactivo.uvigo.gal

Sección de Extensión Universitaria

Campus universitario Lagoas, Marcosende (36310 Vigo)

edestrezas@uvigo.gal

### *Fundamentos de ofimática con Office*

Este curso pretende que o estudantado se desenvolva coas ferramentas ofimáticas Office de Microsoft para afrontar a elaboración de documentos profesionais como o propio traballo de fin de grao, traballo de fin de mestrado etc.

- Do 20 de setembro ao 25 de outubro
- Venres, de 16.00 a 20.00 h
- Docente: Guillermo Rey González

### *Utilización responsable de intelixencia artificial xerativa sobre ChatGPT*

Neste curso preséntanse as IA xerativas dentro do mundo da intelixencia artificial, e móstrase tanto a utilización de ChatGPT de forma ética e responsable dentro do contexto académico das tarefas habituais do estudantado (memorias/informes de prácticas e traballos, TFG/TFM, ...) coma o uso na vida persoal.

- Do 30 de setembro ao 4 de novembro de 2024
- Luns de 16.00 a 20.00 h
- Docente: Pedro Orgeira Crespo

### *Fundamentos de edición de vídeo e son dixital para a web*

Neste curso, a actividade formativa busca fornecer a/o asistente de técnicas de produción de vídeo e son dixital, a través do emprego de ferramentas libres e recursos de publicación web da Universidade de Vigo. Durante a formación poñeranse en práctica técnicas relacionadas coa edición de vídeo e co son dixital, ademais de realizar pezas audiovisuais para colgar na web.

- Do 23 de outubro ao 27 de novembro
- Mércores, de 16.00 a 20.00 h
- Docente: Luis Pena Morandeira

### *Curso básico de deseño BIM con Revit*

Este curso pretende dar a coñecer os fundamentos da metodoloxía BIM, así como dominar as ferramentas que ofrece Revit para a modelaxe, o cálculo e a análise de instalacións. Durante o curso traballarase nun proxecto MEP do principio ao final.

- Do 24 de outubro ao 28 de novembro
- Xoves, de 16.00 a 20.00 h
- Docente: Antonio Ballesteros Pazó

### *Iniciación ao desenvolvemento de páxinas web con Wordpress*

Este curso pretende achegarlles aos/as asistentes a ferramenta líder mundial en desenvolvemento web para que sexan capaces de crear, manter e actualizar páxinas web persoais, corporativas e/ou de comercio electrónico sen necesidade de coñecementos previos de programación.

- Do 22 de outubro ao 26 de novembro
- Martes, de 16.00 a 20.00 h
- Docente: José Alcañiz Lorenzo

### *Fundamentos de xestión de proxectos con Project*

Este curso ten como obxectivo, a través dun enfoque eminentemente práctico, afondar no uso de Microsoft® Project® 2013 (ou superior) aplicando os conceptos básicos da metodoloxía de xestión de proxectos do PMI® baseada no PMBok.

- Do 19 de outubro ao 30 de novembro
- Sábados, de 10.00 a 14.00 h
- Docentes: M.ª Inmaculada Fenollera Bolívar e Carlos González Jardón

### *Fundamentos de análise e tratamento de datos con Excel*

Tras este curso, o estudantado sentirase familiarizado co uso da ferramenta ofimática Excel. Traballaranse conceptos relacionados con operacións e con funcións básicas e avanzadas, gráficos, análise de datos, vinculación con outras ferramentas de Office etc.

- Do 8 de novembro ao 20 de decembro
- Venres, de 16.00 a 20.00 h
- Docente: Guillermo Rey González

### *Introdución práctica á impresión 3D*

O obxectivo principal do curso é dotar o estudantado dos coñecementos da tecnoloxía de impresión 3D necesarios para deseñar e fabricar as súas propias pezas en 3D. Outros obxectivos son presentar as novas ferramentas de impresión 3D FDM, ensinar a montar unha impresora 3D dende cero e recoñecer os elementos que a compoñen, así como identificar os problemas habituais de funcionamento e como corrixilos.

- Do 11 de novembro ao 16 de decembro
- Luns, de 16.00 a 20.00 h
- Docente: Pablo Falcón Oubiña